

ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN E  
INTEGRACIÓN XITANA DE LUGO

Rúa Conde 37, Entrechán Der. | 27003 LUGO  
Tel **982 24 43 58** | Fax **982 24 60 31**  
[apiglugo@hotmail.com](mailto:apiglugo@hotmail.com)

 REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO



ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN E  
INTEGRACIÓN XITANA DE LUGO



DEPUTACIÓN DE LUGO  
VICEPRESIDENCIA PRIMERA



Cultura

Exposición  
**O POBO XITANO  
EN LUGO**

**13 ao 19 de outubro**  
Sala de Exposiciones | Museo Provincial



ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN E  
INTEGRACIÓN XITANA DE LUGO

# O POBO XITANO EN LUGO



## ASOCIACIÓN PROMOCIÓN E INTEGRACIÓN XITANA

A Asociación Promoción e Integración Xitana (APIX) é unha entidade social sen ánimo de lucro que ten como obxectivo principal a promoción integral das familias xitanas da provincia de Lugo co fin de facilitar a súa normalización diferenciada na sociedade maioritaria, tratando de impulsar que sexan os propios xitanos quen organicen a súa promoción valorando a súa cultura e tradición.

As orixes da súa actividade remóntanse aos anos setenta, se ben a APIX formalízase xuridicamente como tal en 1983. Xorde para tratar de mellorar a situación marxinal do poboado lucense do Carqueixo.

Entre as metas principais da Asociación figuran:

- *Traballar pola promoción e integración plena das familias xitanas da provincia de Lugo.*
- *Fomentar a implicación activa dos propios xitanos no seu propio desenvolvemento.*
- *Dar a coñecer os valores culturais do pobo xitano nunha sociedade intercultural.*

## O POBO XITANO EN LUGO

A mostra fai un percorrido pola historia do pobo xitano en Lugo ao longo dos últimos 30 anos. Dende o asentamento das primeiras familias no Poboado do Carqueixo ata a actualidade, preténdese mostrar os cambios sociais que sufrieron, a evolución cara a escolarización ordinaria, o progresivo acceso ao mercado laboral e a normalización no ámbito da vivenda, entre outros ámbitos.



Merece especial mención, o gran avance do papel da muller xitana como eixo fundamental da familia e do propio pobo, así coma os esforzos realizados por fomentar a súa autonomía persoal e social.